

Expediente: 601/19

## **INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O "PROXECTO DE DECRETO SOBRE VIXILANCIA SANITARIA DAS AUGAS DE BAÑO DE GALICIA"**

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación co "Proxecto de Decreto sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia", emite o seguinte:

### **INFORME**

#### **1. Marco normativo e competencial**

Este decreto ten por obxecto:

- a) A creación e regulación do Rexistro de augas de baño de Galicia, no que se inscribirán as zonas de augas de baño, de conformidade co disposto no seu articulado.
- b) O establecemento dos procedementos de alta, baixa ou modificación no Rexistro de augas de baño de Galicia.
- c) O desenvolvemento dos criterios sanitarios que deben cumprir as augas de baño que teñan a súa localización na Comunidade autónoma de Galicia para garantir a súa calidade, co fin de protexer a saúde humana dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación.
- d) O establecemento das medidas de vixilancia da calidade sanitaria das augas de baño.
- e) A determinación das obrigas derivadas das competencias autonómicas e municipais en materia de calidade das augas de baño.

Con relación á materia regulada, cómpre ter en conta o seguinte marco normativo:

En relación ao marco competencial, o artigo 148.1.21ª da Constitución Española establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de sanidade e hixiene. Pola súa banda o artigo 149.1.16ª indica que son competencias exclusivas do Estado a sanidade exterior, as bases e a coordinación xeral da sanidade e a lexislación sobre produtos farmacéuticos.

Neste contexto normativo ditouse o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, o cal veu a incorporar ao noso ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE.

O obxecto do mesmo e establecer disposicións mínimas para o control, a clasificación, as medidas de xestión e o subministro de información ao público sobre a calidade das zonas de augas de baño.

O Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, alude xa na súa parte expositiva á importancia que supón o uso das augas de baño para a saúde humana, o que fai necesario o establecemento a escala nacional de criterios sanitarios de calidade. A dita disposición é, debido ao seu carácter técnico, e segundo se proclama no mesmo, o instrumento normativo mais acaído para completar e asegurar o cumprimento da regulación básica aplicable á xestión da calidade das augas de baño.

Segundo establece a súa disposición derradeira terceira, o citado real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1.16ª e 23ª da Constitución, que reservan ao estado, respectivamente, a competencias sobre as bases e coordinación xeral da sanidade e sobre a lexislación básica de protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

Pola súa banda, o artigo 33.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala que *“corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior”*. O proxecto de decreto que se pretende aprobar dítase pois en base ao disposto no citado precepto.

Recóllense ademais no proxecto de decreto que aquí se informa as funcións que deberán realizar os concellos con respecto á vixilancia sanitaria das augas de baño, as cales teñen a súa razón de ser nas competencias municipais que lles corresponden en relación coa protección da salubridade pública.

Neste sentido a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local establece no seu artigo 25 que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as relacionadas coa materia de protección da salubridade pública, policía local e promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Cómpre salientar neste sentido que o número 3 deste precepto prevé que as competencias municipais nas materias enunciadas no número 2 do mesmo determinaranse por Lei. Este precepto debe poñerse necesariamente en relación co establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, nas que se recollen expresamente as competencias municipais nesta materia.



Así, o artigo 42.3.a) da Lei 14/1986, do 25 de abril, establece que os concellos, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, terán, entre outras, a responsabilidade mínima de control sanitario do medio ambiente: contaminación atmosférica, abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, residuos urbanos e industriais.

Pola súa banda, o artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, indica que os municipios, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, terán en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios, unha serie de obrigas, derivadas das súas competencias, entre as que se atopan as de control sanitario do medio natural e, en especial, a contaminación atmosférica, rúidos e vibracións, abastecemento e saneamento de augas, residuos urbanos; e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente, e para o caso que aquí nos ocupa, das áreas de actividade física, deportiva e de recreo.

Así pois, o proxecto de Decreto sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia ven a regular, en base ás competencias anteriormente referenciadas, as normas adicionais de protección respecto das augas de baño que teñan a súa localización na Comunidade autónoma de Galicia, a fin de garantir a súa calidade e protexer a saúde humana dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación nelas.

## 2. Acerto e oportunidade

Con carácter xeral, a regulación que se contempla no presente proxecto de decreto da resposta aos principios aos que deben adecuarse todas as iniciativas normativas. Cúmrese o principio de eficacia, por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de decreto, ben por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma, ben por requirir a modificación integrada e coordinada doutras normas, todo elo en base á distribución competencial recollida no apartado anterior deste informe.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos do decreto non se impoñen con carácter xeral novas obrigas ou cargas administrativas innecesarias, senón que se realiza un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Prestouse especial atención á efectividade dos principios de seguridade xurídica e transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración do propio decreto como nos instrumentos de ordenación previstos no mesmo. Destacan entre as mesmas, debido ao impacto que a regulación proxectada ten nas competencias municipais, as formuladas pola FEGAMP.



Finalmente, en virtude do principio de eficiencia e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados coas mesmas.

Con carácter particular, a adopción das medidas concretas recollidas no presente proxecto, articuladas para garantir a mais ampla protección respecto das augas de baño que teñan a súa localización na Comunidade autónoma de Galicia, xustifícase en base aos motivos expostos na memoria xustificativa emitida pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade en data 17.01.2019, e na memoria xustificativa complementaria emitida polo mesmo centro directivo en data 17.06.2022, ás cales nos remitimos.

### 3. Tramitación

De conformidade co artigo 7.1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Secretaría Xeral Técnica, a revisión técnica e tramitación dos anteprojectos e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral.

Polo que respecta á tramitación na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e as prescricións contidas na seguinte normativa:

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia (artigos 40 e ss.).
- A Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 12).
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- O Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro (artigo 8).

Así, consta no expediente o certificado do acordo adoptado polo Consello da Xunta en data 06.06.2019 autorizando o inicio da tramitación do anteprojecto, así como certificado de cumprimento do trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, emitido en data 11.09.2019, e o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto do 17.10.2019, asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

A Dirección Xeral de Saúde Pública, en tanto que centro directivo impulsor desta iniciativa,



remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan (artigo 41.3 apartados a), b) d) da Lei 16/2010, do 17 de decembro):

- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade do 17.10.2019.
- Memoria económico-financeira do 17.10.2019.
- Táboa de vixencias do 24.10.2019.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico Xurídico I da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, elaborou o preceptivo informe o día 25.10.2019 e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Sanidade o 27.10.2019 (artigos 41.3 c) e 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto o día 28.10.2019, o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade acordou a súa publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia a efectos do disposto no artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Logo de revisar e valorar as achegas presentadas, o 20.12.2019 e 12.02.2020 emitíronse os informes relativos ás alegacións presentadas.

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido polo artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse e emitíronse os seguintes informes:

- Informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA do 17.03.2020
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 27.03.2020
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 14.05.2020, e ratificación do mesmo de 25.05.2020. Con carácter previo á súa emisión, o centro directivo impulsor da iniciativa emitiu unha memoria económica complementaria, de data 18.05.2020.
- Informe do Consello Reitor de Augas de Galicia.
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, do 02.03.2022
- Novo informe conxunto da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e da AMTEGA do 30.06.2022
- Informe do Instituto Galego de Estatística, do 01.07.2022

As observacións formuladas no informe da Asesoría Xurídica Xeral foron incorporadas ao texto definitivo do proxecto de decreto. Así mesmo, o texto foi revisado coa finalidade de adaptalo á Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica



Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa. Emitiuse tamén, por recomendación daquela, unha nova memoria xustificativa (complementaria) de data 17.06.2022.

En canto ás observacións formuladas polo Instituto Galego de Estatística no seu informe, engadiuse na parte expositiva do decreto unha referencia á emisión do mesmo. En canto ás restantes observacións cómpre deixar constancia de que foron rexeitadas polo centro directivo proponente da iniciativa regulamentaria, ao entender que:

- En relación á sección III do Rexistro de Augas de Baño de Galicia, xa se aclara no artigo 5 cales son as augas de baño incluídas nesta sección, que son as procedentes das seccións I ou II do rexistro nas que existe prohibición permanente do baño.
- Con respecto ao formulario do anexo I enténdese que o campo "*número medio de persoas usuarias esperado na praia*" é suficientemente claro e indicativo, xa que fala de número medio e non de afluencia máxima, e de persoas usuarias e non de parcelas.
- Con respecto aos datos da entidade solicitante recollidos no citado anexo, cómpre deixar constancia que estes adecúanse ao modelo de formulario para entidades locais establecido pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (REDUCE).

#### 4. Integridade do texto

O texto do proxecto de decreto conta coa seguinte estrutura e contido:

Parte expositiva

Capítulo I. Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Definicións

Capítulo II. Rexistro de augas de baño de Galicia

Artigo 4. Rexistro de augas de baño de Galicia

Artigo 5. Organización do Rexistro de augas de baño de Galicia

Artigo 6. Datos do Rexistro de augas de baño de Galicia



- Artigo 7. Número de asento da inscrición no Rexistro de augas de baño de Galicia
- Artigo 8. Procedementos de alta ou modificación no Rexistro de augas de baño de Galicia
- Artigo 9. Procedemento de baixa no Rexistro de augas de baño de Galicia
- Artigo 10. Presentación de solicitudes de alta ou baixa no Rexistro de augas de baño de Galicia
- Artigo 11. Documentación complementaria
- Artigo 12. Comprobación de datos
- Artigo 13. Notificacións
- Artigo 14. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes
- Artigo 15. Elaboración do listado provisional de zonas de augas de baño de Galicia
- Capítulo III. Competencias
- Artigo 16. Competencias autonómicas
- Artigo 17. Competencias municipais
- Capítulo IV. Control da calidade sanitaria das augas de baño
- Artigo 18. Tempada de baño e calendario de control
- Artigo 19. Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia
- Artigo 20. Laboratorios para os controis analíticos
- Artigo 21. Aptitude das augas de baño durante a tempada de baño
- Artigo 22. Prohibicións do baño ou recomendacións de absterse do baño
- Artigo 23. Avaliación da calidade e clasificación anual provisional das augas de baño
- Capítulo V. Información ao público
- Artigo 24. Difusión da información





Artigo 25. Símbolos de información ao público

Disposición adicional primeira. Actualización dos modelos normalizados

Disposición adicional segunda. Inscripción de oficio das augas de baño no Rexistro de augas de baño de Galicia

Disposición transitoria única. Procedementos en tramitación

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Conta tamén con 5 anexos:

Anexo I. Solicitud de alta ou modificación no Rexistro de augas de baño de Galicia

Anexo II. Solicitud de baixa no Rexistro de augas de baño de Galicia

Anexo III. Símbolos e información ao público sobre clasificación sanitaria das augas de baño

Anexo IV. Símbolos e información ao público sobre prohibición ou recomendación de non bañarse pola contaminación das augas de baño

Anexo V. Modelo de cartel de información ao público sobre prohibición ou recomendación de absterse do baño pola proliferación de cianobacterias nas augas de baño

## 5. Legalidade

Nas memorias e informes incorporados ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación da presente iniciativa aos principios recollidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A tramitación da iniciativa axustouse rigorosamente á normativa de aplicación e en concreto aos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

O proxecto sometese á aprobación definitiva da persoa titular da consellería de Sanidade, sendo remitido á Comisión de Secretarios Xerais Técnicos e Consello da Xunta previo á súa





remisión ao Consello Consultivo de Galicia, para a posterior aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da LOFAXGA.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

M<sup>a</sup> Jesús Rúa Moure

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

Alberto Fuentes Losada

